



Solicitud de continuación do proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico/a de normalización lingüística no Concello da Estrada

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

O **18 de setembro de 2015** o Concello da Estrada anunciou no seu web a **convocatoria dunha praza de técnico/a de normalización lingüística**. A duración desta contratación estaba fixada ata a reincorporación do titular da praza. O **5 de outubro de 2015** publicouse a **listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as** neste proceso selectivo.

En relación con isto, a CTNL, como entidade que agrupa os/as traballadores/as de normalización da lingua, quere expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, valoramos positivamente a convocatoria desta praza en réxime de interinidade para cubrir un posto que levaba tempo vacante. Ata este momento houbera outras convocatorias para cubrir a praza durante períodos breves (nos anos 2012 e 2013), e consideramos un avance que esta convocatoria de 2015 sirva para **darlle continuidade e estabilidade ao traballo en normalización lingüística no Concello da Estrada**.
2. Con todo, tamén temos que indicar algúns aspectos negativos, non na propia convocatoria, senón no desenvolvemento do proceso:
 - a. Desde que se publicou a listaxe provisional de admitidos/as o 5 de outubro de 2015, non houbo ningún outro trámite, nin sequera a publicación definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Isto supón **máis de sete meses de paralización** nun proceso selectivo que se convocou cunha certa urxencia (o prazo para presentar as solicitudes foi só de cinco días). Alén disto, segundo datos recibidos na CTNL, non se proporcionou información



nin aclaración ningunha aos/ás candidatos/as, que levan esperando desde outubro pola continuación do proceso.

- b. O atraso ou a paralización do proceso ten graves consecuencias para o traballo en normalización lingüística nese municipio, tanto desde unha perspectiva económica como técnica.
- c. Desde o punto de vista económico, co proceso sen resolver o Concello da Estrada perdeu a oportunidade de **concorrer ás axudas para o mantemento de SNL** da Deputación de Pontevedra (convocatoria publicada no BOP de Pontevedra do 22 de febreiro de 2016) e da Xunta de Galicia (convocatoria publicada no DOG do 19 de abril de 2016).
- d. Desde un enfoque técnico, o atraso supón que **se demore máis tempo a carencia de labor técnico de normalización lingüística** nun concello que podería ter un servizo estable. Sen servizo de normalización lingüística non se poden planificar, xestionar, desenvolver e avaliar accións de dinamización lingüística adaptadas ao contexto estradense e que contribúan a mellorar o prestixio da lingua e a estender o seu uso; nin velar pola calidade lingüística e comunicativa da institución; nin analizar as necesidades formativas en materia de lingua da cidadanía e dos/das traballadores do concello; nin difundir materiais e recursos específicos para eles, etc.

Por todo isto, SOLICITO:

1. Que se aclaren os motivos da paralización do proceso selectivo iniciado en setembro de 2015 para cubrir unha praza de técnico/a de normalización lingüística no Concello da Estrada.
2. Que se retome e se resolva o máis axiña posible este proceso selectivo.

Pontevedra, 27 de maio de 2016